



Concello da Coruña

Área / Unidade DIRECCIÓN DEL ÁREA DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA HSC	Documento DPE1AI015Z	
Código de verificación 	Expediente DPE/2025/83	
004Z 6K5Q 3P5U 4F6D 02MH	Fecha 15-07-2026	

DOG_gal

ANUNCIO de aprobación inicial da Modificación puntual núm 4 do Plan Parcial do S-2, San Pedro de Visma

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 15.07.2026, acordou aprobar inicialmente o documento denominado "Modificación puntual núm 4 do Plan Parcial do Sector S-2 San Pedro de Visma. Xullo 2026.", co CSV 2H6W6H4A716M5L1X0PR2, redactado pola Oficina Técnica do Departamento de Planeamento do Concello da Coruña e asinado dixitalmente polo arquitecto municipal Pablo Vázquez Pita, polo xefe do Servizo de Planificación Urbana e Proxectos Estratéxicos e pola directora da Área de Urbanismo.

En cumprimento do disposto no procedemento previsto no artigo 18.1.a) da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, por remisión do artigo 83.6.b.) da Lei do solo de Galicia ,sométese o expediente ao trámite de información pública polo prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no *Diario Oficial de Galicia* ou nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar a modificación puntual e formular as alegacións que procedan.

A documentación estará á disposición no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña, na epígrafe «Información urbanística», estando igualmente habilitado o acceso directo ao documento técnico obxecto desta aprobación a través do seguinte enderezo electrónico: <https://www.coruna.gal/urbanismo/gl/informacion-e-normativa/exposicion-publica>. Así mesmo, poderá consultarse presencialmente nas dependencias da Área de Planificación Estratégica do Concello da Coruña, situadas no Palacio Municipal de María Pita (praza de María Pita, 1), das 9:00 ás 13:00 horas, de luns a venres,



Concello da Coruña

mediante cita previa, que deberá solicitarse no teléfono 981 18 42 00, extensión 10241.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro delegado responsable das Áreas de Economía e Planificación Estratégica